



navega con rumbo

Guía do
alumnado



www.edu.xunta.gal/navegaconrumbo



Internet é un mundo infinito que che ofrece unha chea de posibilidades. Sabemos que empregas o teu sentido común, pero nesta guía vas atopar algunhas recomendacións que farán máis segura a túa navegación polo ciberespazo.

Hai un principio común a todas elas:

**non fagas en Internet
nada do que non farías
na túa vida real**

Prepárate coas seguintes
recomendacións!

Coordinación:
Xunta de Galicia

Asesoramento técnico:
Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática
de Galicia (CPEIG)

Creación e contidos:
Vía Láctea Comunicación

Deseño gráfico e maquetación:
Vía Láctea Comunicación

Decálogo do bo e da boa navegante

Protexerei a miña privacidade

Sempre empregarei un **alcume** e **nunca intercambiarei datos persoais por Internet**. Debo ser consciente de que **calquera contido** que suba a Internet estará **dispoñible para moitísimas persoas**.

Usarei contrasinais difíciles de adiviñar

Evitarei os **contrasinais fáciles** de adiviñar, como nome ou data de nacemento, e **usarei os maiúsculas/ minúsculas/ números/sinais**.

Configurarei o meu perfil

Manterei o **perfil privado** nas redes sociais para evitar que descoñecidos accedan a miña información persoal.

Non me fiarei dos perfís

Non me fiarei dos **descoñecidos** cos que tome contacto a través de Internet e, por suposto, **non me citarei con eles** a través da Rede para quedar na **vida real**.

Falarei co meu pai, nai e titores

Comentarei co meu pai, nai ou titor/a **calquera situación que me incomode**. Os riscos en liña son semellantes aos da vida real e podo atopar a alguén que me amole virtualmente.

Non mercarei sen permiso

Non farei **compras** por Internet **sen consultalo** cos meus maiores.

Coidarei o meu dispositivo (ordenador, portátil, móbil, tableta)

Empregarei sempre **software actualizado** e por medio de canles oficiais.

Ignorarei o spam e outros

Non farei caso do spam, é dicir, non abrirei correos electrónicos nin documentos xuntos sospeitosos.

Serei respectuoso

Gardarei **respecto e educación** nas formas e no xeito de expresarme a través de **Internet**. Se atopo un sitio no que está escrito "**acceso prohibido a menores**", respectarei esa indicación.

Recordarei que Internet ten memoria

Antes de publicar, pensarei dúas veces se o escrito é correcto, se fará dano, se se entende como eu penso...

e-dereitos dos nenos e nenas

Decálogo UNICEF (data de 2004)

1. Dereito ao **acceso á información e á tecnoloxía**, sen discriminación por motivo de sexo, idade, recursos económicos, nacionalidade, etnia, lugar de residencia, etc. En especial, este dereito ao acceso aplicarase aos nenos e ás nenas con discapacidade.

2. Dereito á **libre expresión e asociación**. A buscar, recibir e difundir información e ideas de todo tipo por medio da Rede. Estes dereitos só poderán ser restrinxidos para garantir a protección dos nenos e nenas de información e materiais prexudiciais para o seu benestar, desenvolvemento e integridade; e para garantir o cumprimento das leis, a seguridade, os dereitos e a reputación doutras persoas.

3. Dereito dos nenos e nenas a **ser consultados e a dar a súa opinión cando se apliquen leis ou normas da Internet que lles afecten**, como restricións de contidos, loita contra os abusos, limitacións de acceso, etc.

4. Dereito á **protección contra a explotación, o comercio ilegal, os abusos e a violencia** de todo tipo que se produzan empregando Internet. Os nenos e nenas terán o dereito de empregar Internet para protexerse deses abusos, para dar a coñecer e defender os seus dereitos.

5. Dereito ao **desenvolvemento persoal e á educación**, e a todas as oportunidades que as novas tecnoloxías como Internet poidan achegar para mellorar a súa formación. Os contidos educativos dirixidos aos nenos e nenas deben ser axeitados e promover o seu benestar, desenvolver as súas capacidades, inculcar o respecto aos dereitos humanos e ao ambiente e preparalos para ser cidadáns responsables nunha sociedade libre.

6. Dereito á **intimidade da comunicación** por medios electrónicos. Dereito a non proporcionar datos persoais pola Rede, a preservar a súa identidade e a súa imaxe de posibles usos ilícitos.

7. Dereito ao lecer, **á diversión e ao xogo**, tamén mediante Internet e outras novas tecnoloxías. Dereito a que os xogos e as propostas de ocio en Internet non conteñan violencia gratuita, nin mensaxes racistas, sexistas ou denigrantes e respecten os dereitos e a imaxe dos nenos e nenas e doutras persoas.

8. Os **pais e nais** terán o dereito e a **responsabilidade de orientar, educar** e acordar cos seus fillos e fillas un uso responsable de Internet: establecer tempos de utilización, páxinas que non se deben visitar ou información que non deben proporcionar para protexelos de mensaxes e situacións perigosas, etc. Para iso, os pais e nais tamén deben poder formarse no uso de Internet e informarse dos seus contidos.

9. Os **gobiernos** dos países desenvolvidos deben comprometerse en **cooperar con outros países** para **facilitar o acceso** destes e os seus cidadáns, e en especial dos nenos e nenas, **a Internet e outras tecnoloxías** da información para promover o seu desenvolvemento e evitar a creación dunha nova barreira entre os países ricos e os pobres.

10. Dereito a **beneficiarse e a empregar no seu favor as novas tecnoloxías** para avanzar cara a un mundo máis saudable, máis pacífico, máis solidario, máis xusto e máis respectuoso co ambiente, no que se respecten os dereitos de todos os nenos e nenas.

enlaces de interese

A continuación, indicámosche algúns enderezos web nos que atoparás recomendacións para que aprendas e te divirtas navegando de maneira segura pola Rede.

<http://www.edu.xunta.gal/navegaconrumbo/>

Navega con Rumbo conta con información e recursos para o emprego responsable na internet do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

017

O teléfono gratuito e confidencial de **INCIBE**.

<https://www.osi.es/es>

A **Oficina de Seguridad del Internauta (OSI)** de **INCIBE** proporciona a información e o soporte necesarios para evitar e resolver os problemas de seguridade que poden existir ao navegar por Internet.

<https://www.pantallasamigas.net/>

PantallasAmigas desenvolve proxectos e recursos educativos para a capacitación de rapaces e rapazas para desenrolar habilidades e competencias dixitais que lles permitan participar de forma activa, positiva e saudable na Rede.

<https://www.aepd.es/>

A **Agencia Española de Protección de Datos** ten información sobre os teus dereitos en materia de protección de datos e recomendacións para garantilos.



Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia



XUNTA
DE GALICIA